

## BASES DE ORGANIZACIÓN

### ANDAINA SANTA COMPAÑA – 7 DE XULLO

#### Organización

A sociedade Deportiva Barbantia Roda, en colaboración co Concello de Rianxo, organiza unha nova edición da **“Andaina de Santa Compañía”**.

#### Información, inscricións e normas xerais.

- A actividade é de balde.
- As inscricións poderán formalizarse no Servizo de Deportes e nos pavillóns municipais, así como nas seguintes direccións de correo:
  - [barbantia.eventos@gmail.com](mailto:barbantia.eventos@gmail.com)
  - [deportes@concelloderianxo.gal](mailto:deportes@concelloderianxo.gal)
- Actividade vai dirixida a maiores de 10 anos.
- A distancia a percorrer será de 8 Km aproximadamente e o percorrido é unha sorpresa
- A andaina comezará as 22:30 e o punto de encontro para a saída será na Área Recreativa de Campo Maneiro (Taragoña)
- O prazo de inscrición remata o 6 de xullo.
- Cada usuario/a será o encargado do seu avituallamento. Ao remate da andaina realizarase o conxuro da queimada.
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- Recoméndase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva.
- Non se permiten animais de compañía.